


Práctica 3: Determinación do pH

Obxectivos:

- Desenvolver destrezas no uso do material de laboratorio.
- Comprender os mecanismos que regulan as reaccións ácido-base.
- Determinar o grao de acidez ou basicidade do solo.
- Establecer correspondencias entre o pH e os diferentes tipos de cultivos.


Material:

- Mostra de solo tamizada
- Espátula
- Balanza
- Bureta
- Vaso de precipitados ou matraz
- Axitador
- Medidor de pH
- Auga destilada



Desenvolvemento:

1. Pesamos, por exemplo, 10 g de **solo tamizado** e seco ao aire.
2. Vertemos nun vaso de precipitados ou matraz de 100 mL.
3. Engadimos 25 mL de **auga destilada** e axitamos cunha varíña de vidro.
4. Repetimos a operación anterior varias veces antes de realizar a medida, tendo en conta que nunca se debe realizar a determinación de pH cun contido de auga menor do correspondente **equivalente de humidade** que pode variar en relación solo:auga entre 1:0,25 e 1:1.
5. Transcorridos 10 min despois de preparada a suspensión se efectúa a medida co **medidor de pH** axitando mecanicamente durante a mesma.
6. Anotamos os resultados nunha táboa como a seguinte.



ID da mostra	Masa da mostra de solo	Volume de auga engadido	pH

Síguenos en:



@cienciaocruce



@cienciaocruce



<https://cienciaocruce.wordpress.com/>